

**MODIFICACIÓN DA
CONCRECIÓN CURRICULAR
CURSO 2021/2022**

CEIP FONTES BAÍÑA

ABRIL 2022

ÍNDICE

***Normativa de referencia**

- 1. Criterios xerais de promoción para a avaliación do alumnado.**
- 2. Criterios do outorgamento de mencións honoríficas.**
- 3. Decisións e criterios xerais na modificación das programacións didácticas do curso 2021/22.**
- 4. Aprobación e publicidade da modificación da concreción curricular.**

NORMATIVA DE REFERENCIA:

- **ORDE do 2 de marzo de 2021** pola que se regula o dereito do alumnado á obxectividade na avaliación e se establece o procedemento de reclamación das cualificacións obtidas e das decisións de promoción e obtención do título académico que corresponda, en educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato.

- **ORDE do 25 de xaneiro de 2022** pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia

- **Circular 1/2022** Secretaría de Educación e Formación Profesional pola que se precisan aspectos da Orde do 2 de marzo de 2021 pola que se regula o dereito do alumnado á obxectividade na avaliación e se establece o procedemento e obtención do título académico que corresponda, en Educación Infantil, Educación Primaria, Educación Secundaria Obrigatoria e Bacharelato, para o curso 2021-2022.

A avaliación do alumnado será continua e global, terá en conta o seu progreso no conxunto dos procesos de aprendizaxe. No contexto deste proceso de avaliación continua, cando o progreso dunha alumna ou dun alumno non sexa o axeitado estableceranse medidas de reforzo educativo. Estas medidas adoptaranse en calquera momento do curso, tan pronto como se detecten as dificultades, con especial seguimento da situación do alumnado con necesidades educativas especiais, e estarán dirixidas a garantir a adquisición das aprendizaxes imprescindibles para continuar o proceso educativo.

1. Criterios xerais de promoción para a avaliación do alumnado

1º CICLO	2º CICLO	3º CICLO
O equipo docente considera que o grado	O equipo docente considera que o grado	O equipo docente considera que é capaz de plantexar e
ADAPTACIÓN DA CONCRECIÓN CURRICULAR. CURSO 2021/2022	PÁXINA 3 DE 8	CEIP FONTES BAÍÑA

de esforzo realizado polo alumno/a permítelle seguir avanzando.	de comprensión e expresión oral e escrita permítelle seguir aprendendo.	resolver diferentes tipos de situacións de maneira autónoma adaptadas ao seu nivel.
O equipo docente estima que dita promoción beneficiará a súa pertenza ao grupo clase favorecendo a súa evolución.	O equipo docente considera que o grado de cálculo e resolución de problemas adquirido non lle impide seguir aprendendo.	O equipo docente considera que o grado de comprensión e expresión oral e escrita permítelle incrementar a autoaprendizaxe de determinados temas no ámbito social e educativo.
O equipo docente considera que co grado de competencias adquiridas pode seguir avanzando.	O equipo docente considera que o grado de implicación do alumno/a permítelle seguir avanzando.	O equipo docente considera que co grado de cálculo e resolución de problemas adquirido é quen de empregar diversas estratexias adaptadas ao seu nivel.
O equipo docente considera que o/a alumno/a coñece e acata as normas de convivencia do centro.	O equipo docente estima que dita promoción beneficiará a súa pertenza ao grupo clase favorecendo a súa evolución.	O equipo docente considera que a natureza das materias non superadas non lle impide continuar no curso seguinte.
	O equipo docente considera que o/a alumno/a respecta as normas de convivencia.	O equipo docente estima que o alumno ten expectativas favorables de recuperación.
	O equipo docente estima que co grado de competencias adquiridas, adaptadas ao seu nivel, pode seguir aprendendo.	O equipo docente considera que se desenvolve no manexo de elementos dixitais.
		O equipo docente considera que o/a alumno/a respecta as normas de convivencia

- Os criterios serán valorados como acadados ou non (si / non)

O criterio da persoa titora será tomado especialmente en consideración, o seu voto contará un 40% do peso total. O 60% restante repartirase entre os membros do equipo docente (agás PT/AL) en función da carga horaria a partes iguais.

2. Criterios do outorgamento de mencións honoríficas (primaria)	
2.1. Criterios xerais	Seguindo a Orde do 9 de xuño de 2016, os equipos docentes poderán propoñer o outorgamento dunha mención honorífica aos alumnos e alumnas que superen todas as áreas da etapa e obteñan sobresaínte ao rematar a Educación Primaria nunha área ou en varias e que demostren un rendemento académico excelente.

3. Criterios xerais na modificación das programacións didácticas do curso 2021/2022	
<p>O alumnado de 1º, 3º e 5º de Educación Primaria promociona automaticamente. Nos cursos de 2º, 4º e 6º de Educación Primaria, o equipo docente decidirá sobre a promoción do alumnado. Esta decisión tomarase de xeito colexiado, tendo en conta os criterios de promoción. O criterio da persoa titora será tomado especialmente en consideración, o seu voto contará un 40% do peso total. O 60% restante repartirase entre os membros do equipo docente (agás PT/AL) en función da carga horaria a partes iguais. O alumnado que non acade a promoción permanecerá un ano máis no mesmo curso. Esta medida será de carácter excepcional e tomarase tras aplicar as medidas ordinarias de reforzo e apoio educativo. A decisión de permanecer un ano máis no mesmo curso só poderá adoptarse unha vez en toda a etapa de educación primaria, oídas as nais, pais e/ou titores legais.</p> <p>O equipo docente redactará un plan específico de reforzo que lle permita ao alumno/a que non promociona acadar o grao de adquisición das competencias correspondentes (segundo o establecido na Orde do 8 de setembro de 2021).</p> <p>O alumnado que promociona con materias suspensas recibirá os apoios necesarios para recuperar as aprendizaxes non acadadas no curso anterior.</p>	

Ao finalizar os cursos de 2º, e 4º de Educación Primaria o/a titor/a realizará un **informe individualizado** sobre o grao de adquisición das competencias de cada alumno/a, indicando se é preciso as medidas de reforzo a ter en conta no seguinte ciclo. Ao finalizar 6º de educación primaria o/a titor/a elaborará un informe individualizado de cada alumno/alumna onde se recolla a súa evolución e o grao de adquisición das competencias desenvolvidas. No caso de alumnado con NEE este informe deberá reflectir as adaptacións, medidas adoptadas e a necesidade da súa continuidade na seguinte etapa educativa.

RECLAMACIÓNS:

Co fin de garantir o dereito do alumnado a unha **avaliación obxectiva** e a que o seu rendemento sexa valorado e recoñecido con obxectividade estarán publicados os procedementos e os criterios xerais de avaliación, promoción e titulación que a comisión de coordinación pedagóxica e o equipo docente establezan, respectivamente, na proposta curricular e nas programacións didácticas.

As persoas proxenitoras ou persoa que desempeña a representación legal poderán solicitar ao profesorado cantas aclaracións consideren precisas acerca das valoracións que se realicen sobre o seu proceso de aprendizaxe, así como sobre as cualificacións ou decisións que se adopten como resultado do devandito proceso. En todo caso, a reclamación formal abranguerá unicamente as cualificacións finais. No caso de que persista o desacordo coa cualificación final obtida nunha área, ou coa decisión de promoción ou titulación adoptada para un alumno ou alumna, os pais /nais poderán solicitar por escrito ante a xefatura de estudos a revisión da devandita cualificación ou decisión, no prazo de dous días lectivos, ou de ser o caso hábiles, contados a partir do día seguinte a aquel en que se produciu a súa comunicación oficial a través de Abalar.

A xefatura de estudos comunicará tal circunstancia á persoa docente responsable da materia e á persoa titora.

Cando a solicitude de revisión teña por obxecto a revisión dunha cualificación final, no primeiro día lectivo seguinte, ou se for o caso, hábil, a aquel en que finalice o período de solicitude de revisión, cada equipo analizará as solicitudes de revisión recibidas e elaborará os correspondentes informes que recollan a descrición de feitos e actuacións previas que tivesen lugar, e a decisión adoptada de modificación ou ratificación da cualificación final obxecto de revisión.

No proceso de revisión da cualificación final obtida nunha área os mestres/as contrastarán as actuacións seguidas no proceso de avaliación do alumno e alumna co establecido na programación didáctica, con especial referencia aos seguintes aspectos, que deberán recollerse no informe:

a) Adecuación dos contidos e criterios de avaliación sobre os que se levou a cabo a avaliación do proceso de aprendizaxe do alumno ou alumna cos recollidos na correspondente programación didáctica.

b) Adecuación dos procedementos e instrumentos de avaliación aplicados co sinalado na programación didáctica.

c) Correcta aplicación dos criterios de cualificación establecidos na programación didáctica para a superación da área, materia ou ámbito.

d) A decisión debidamente motivada da ratificación ou modificación da cualificación final obxecto de revisión.

O equipo docente trasladará o informe elaborado á xefatura de estudos, quen comunicará por escrito como máximo no día lectivo seguinte, ou se for o caso, hábil, ás súas persoas proxenitoras ou persoa que desempeñe a representación legal, a decisión razoada de ratificación ou modificación da cualificación revisada. Á vista do informe elaborado o equipo docente valorará a necesidade de revisar as decisións adoptadas. Cando a solicitude de revisión teña por obxecto a decisión de promoción ou titulación, celebrarase unha reunión extraordinaria para valorar as decisións, no prazo máximo de dous días lectivos, ou se for o caso hábiles, desde a finalización do período de solicitude de revisión. A dirección do centro comunicará por escrito ás familias a ratificación ou modificación razoada da decisión de promoción ou titulación, o que porá fin ao procedemento de revisión.

No caso de que, tras o procedemento de revisión no centro, persista o desacordo poderán presentar por escrito á dirección do centro docente, no prazo de dous días hábiles a partir do día seguinte á comunicación sobre a decisión adoptada, reclamación ante a xefatura territorial correspondente da Consellería de Cultura, Educación e Universidade.

No prazo de quince días hábiles a partir da recepción do expediente, o Servizo de Inspección Educativa da xefatura territorial adoptará a resolución pertinente, que será motivada en todo caso, e que se comunicará inmediatamente á dirección do centro para a súa aplicación e traslado á persoa interesada.

4. Aprobación e publicidade	
4.1. Aprobación	A modificación da concreción curricular no curso 2021/2022 foi aprobada en sesión extraordinaria de claustro o 7 de abril de 2022.
4.2. Publicidade	A modificación da concreción curricular e das programacións didácticas serán comunicadas ás familias e ao alumnado por parte dos titores/as a través de Abalar móbil no mes de maio. Así mesmo, esta información será publicada na páxina web do centro.